



Nome: _____



1.- Cantas cereixas terá Adrián se lle regalaron 24 cereixas e comeu 11?



2.- Antía tiña 12 cromos. Perdeu 10 cromos. Cantos cromos lle quedan?

Resposta: _____

Resposta: _____


3.- Manoliño tiña 9 caramelos nunha bolsa verde e 4 nunha caixa. De que color era a bolsa?

4.- Na casa de Ana hai 29 gatos e na de Pablo hai 20. Cantos gatos teñen entre os dous?

Resposta: _____

Resposta: _____

Nome: _____




1.- Nunha caixa teño 12 libros e noutra teño 34. Cantos libros teño en total?

Resposta: _____

2.- Guillerme mercou 34 galiñas un día e ao día seguinte vendeu 20. Cantas galiñas lle quedan?

Resposta: _____

3.- Unha tartaruga puxo 8 ovos no río e 4 ovos na lagoa. Cantos ovos puxo no dormitorio?




Resposta: _____


4.- Onte metimos 7 goles e hoxe metimos outros 7. Cantos goles metimos entre os dous días?

Resposta: _____

Nome: _____



1.- Antón pescou 9 troitas e 4 salmóns no río Tambre. En que río pescou Antón?



Resposta: _____

2.- Claudia apañou 8 mazás e 9 amorodos. Cantas froitas apañou en total Claudia?

Resposta: _____

3.- Nunha árbore hai 10 paxaros e noutra hai 12. Cantos paxaros hai en total?

Resposta: _____


4.- Comprei unha caixa con 27 ceras. Gastei 12. Cantas ceras me quedan agora?

Resposta: _____

Nome: _____




1.- Carolina ten 5 cromos e Rubén ten 7. Cantos cromos teñen entre os dous?




Resposta: _____

2.- Ana colleu 9 tomates. Perdeu 2 polo camiño. Cantos tomates lle quedan a Ana?




Resposta: _____

3.- Martiña ten 9 anos e Diego 7. Cal dos dous é o maior?



Resposta: _____

4.- Teño 22 coches e un amigo regaloume 13 máis. Cantos coches teño agora?



Resposta: _____

Nome: _____



1.- María Xosé regaloume 4 caramelos e Aroa 8. Cantos caramelos me regalaron en total?

Resposta: _____


2.- Ana colleu 9 tomates. Perdeu 2 polo camiño. Cantos tomates lle quedan a Ana?

Resposta: _____

3.- Carlos ten 9 vasos de cristal e rompeu 5. De que material eran os vasos de Carlos?


Resposta: _____

4.- Martín mercou 12 rotuladores e gastou 10. Cantos rotuladores lle quedan?





Resposta: _____


Nome: _____



1.- O luns gañei 18 cromos e o sábado perdín 4. Cantos cromos gañei entre os dous días?




2.- O luns viñeron 20 rapaces a clase e o martes viñeron 18. Que día viñeron menos rapaces?




Resposta: _____

Resposta: _____

3.- Lidia ten 5 rotuladores, Andrea 4 e Manuel 2. Cantos rotuladores teñen entre todos?



4.- Teño unha libreta con 19 follas. Se regalo 4 follas. Cantas follas me quedan?




Resposta: _____

Resposta: _____

Nome: _____



1.- Teño 12 globos vermellos e 7 verdes. Cantos globos teño en total?



Resposta: _____

2.- Pedro mercou 27 croquetas. Comeu 15 para cear. Cantas croquetas lle quedan a Pedro?

Resposta: _____


3.- Teño 9 panos. Cantos panos me faltan para ter 10?

Resposta: _____

4.- Lidia fai 5 contas de sumar o luns e outras cinco o venres. De que son as contas que fai Lidia?

Resposta: _____

Nome: _____



1.- Gabriel fai 6 problemas cada día. Cantos problemas fará en dous días?

Resposta: _____

2.- Na caixa verde hai 4 panos, na caixa amarela 5 e na azul 2. Cantos panos hai en total?

Resposta: _____

3.- Como tiña 25 peixes regaleille 5 a un amigo. Cantos peixes me quedan agora?




Resposta: _____


4.- Miguel ten 12 rotuladores, Carlos 23 e Xulia 20. Quen dos tres ten máis rotuladores?

Resposta: _____

Nome: _____





1.- Pedro ten unha corda de 19 metros. Se corta 5 metros, cantos metros lle quedan?




Resposta: _____

2.- Teño 3 noces nunha man e 5 na outra man. Que froitos teño na man dereita?




Resposta: _____

3.- Se teño que facer 37 debuxos e xa fixen 23, cantos me faltan por facer?



Resposta: _____

4.- Almudena regaloume 34 caramelos e Roque 23. Cantos caramelos teño ao final?



Resposta: _____

Nome: _____



1.- Xosé fai 10 traballos o mes de xaneiro e 34 en abril. Que mes vén despois de xaneiro?

Resposta: _____


2.- O meu pai deume onte 9 euros e hoxe gastei seis. Cantos euros me quedan?

Resposta: _____

3.- Carme ten 6 anos. Cantos anos terá dentro de 3 anos?

Resposta: _____

4.- Flora ten 12 laranxas e regaloume dúas. Cantas laranxas ten agora Flora?




Resposta: _____

Nome: _____




1.- Óscar mercou 23 plátanos e comeu 20. Cantos plátanos lle quedan agora?




Resposta: _____

2.- O venres comiches 38 amorodos e o martes 32. Que día comiches máis amorodos?





Resposta: _____

3.- Rafael ten 23 lapis e a súa avoa regálalle 45. Cantos lapis ten agora?




Resposta: _____

4.- Martiña tiña 15 ratos. Escapáronlle 10. Cantos ratos lle quedan a Martiña?




Resposta: _____

Nome: _____




1.- No xardín do cole hai 43 carballos á dereita e 50 á esquerda. Cantos carballos hai no cole?




Resposta: _____

2.- Imos coller figos. A miña irmá colle 72 e eu 26. Cantos collimos entre os dous?




Resposta: _____

3.- O xoves gañei 7 cromos e hoxe perdín 3. Cantos cromos teño agora?



Resposta: _____

4.- Un neno de primeiro tiña 6 afías na casa e 3 no colexio. En que curso ía o neno?






Resposta: _____

Nome: _____



1.- Nunha caixa hai 6 calcetíns e noutra tres. Onde se poñen os calcetíns?




Resposta: _____

2.- Eu teño 43 libros e a miña irmá entregoume outros 43. Cantos libros teño agora?


Resposta: _____

3.- Alexandra fixo 21 pasteis de amorodo e 32 de limón. Cantos pasteis fixo en total Alexandra?



Resposta: _____

4.- Se de 67 libretas gastamos 23, cantas libretas nos quedan?



Resposta: _____

Nome: _____



1.- Pedro ten 14 anos e Anxo ten 10. Cantos anos teñen entre os dous?

Resposta: _____


2.- Cantas orellas teñen 3 gatos que están no tellado da miña casa?

Resposta: _____

3.- Paco regaloulle a Aroa 6 caramelos e 5 a Antía. Como se chaman as dúas nenas?

Resposta: _____

4.- Olalla ten 58 caracois e Carlos 30. Cantos caracois teñen entre Olalla e Carlos?



Resposta: _____


Nome: _____



1.- Paula ten unha corda de 23 metros. Corta 23 metros. Cantos metros lle quedan?

Resposta: _____

2.- Cantas mazás son 3 veces 4 mazás?



Resposta: _____

3.- Xan ten 12 abrigos de la e 16 camisas de algodón. De que material son as camisas?

Resposta: _____


4.- Hugo tiña 34 caixiñas e perdeu 33. Cantas caixiñas lle quedan a Hugo?

Resposta: _____

Nome: _____




1.- Canto é a metade de 8 follas de papel?




Resposta: _____

2.- Claudia tiña 75 bolsas e rompeu 32. Cantas bolsas lle quedan a Claudia?




Resposta: _____

3.- Pola mañá comín 17 queixiños e pola tarde 21. Cantos comín en todo o día?



Resposta: _____

4.- Pepe tiña 56 galletas de millo e comeu 3. Cantas galletas lle quedan?




Resposta: _____

Nome: _____




1.- Tiña 45 xoguetes e o venres estraguei 32. Cantos xoguetes estraguei o venres?





Resposta: _____

2.- Imos coller peras. A miña irmá colle 20 e eu collo 29. Cantas collimos entre os dous?




Resposta: _____

3.- Aldara ten 43 cunchas e a súa curmá 35. Cantas cunchas teñen entre as dúas?



Resposta: _____

4.- Cantos panos son 2 veces 3 panos?




Resposta: _____

Nome: _____



1.- Onte lin 23 páxinas dun conto e hoxe lin 6. Cantas páxinas lin en total?



Resposta: _____

2.- Catro nenas teñen media laranxa cada unha. Cantas laranxas teñen entre todas?

Resposta: _____

3.- Xiana ten 9 leitugas e vende 8. Cantas leitugas lle quedan?

Resposta: _____


4.- Carmela fai 3 excursións cada mes. Cantas excursións fará en 2 meses?

Resposta: _____

Nome: _____




1.- Cristina ten 24 fotos e Marta tamén ten 24. Cantas fotos teñen entre as dúas?





Resposta: _____

2.- Alba tiña seis gatos e regalou un. Cantos gatos lle quedan?




Resposta: _____

3.- Cantas patas teñen as 3 galiñas do meu tío Antón?



Resposta: _____

4.- Matilde tiña 89 melóns e vendeu 50. Cantos melóns lle quedan?



Resposta: _____

Nome: _____



1.- Nunha maceta temos 60 xeranos e noutra temos 30. Cantos xeranos temos en total?



2.- Hoxe fixen 45 contas de sumar e o meu irmán 33. De que eran as contas?

Resposta: _____

Resposta: _____


3.- Pedro ten 93 olivas. Se regala 41, cantas olivas lle quedan a Pedro?

4.- Teño 7 fichas. Cantas me faltan para ter 10?

Resposta: _____

Resposta: _____

Nome: _____




1.- Xaime ten 8 anos e Maruxa ten 1. Cantos anos é maior Xaime que Maruxa?

Resposta: _____

2.- Hoxe fixen 43 flans e a miña irmá fixo outros tantos. Cantos flans fixemos en total?

Resposta: _____

3.- Luísa ten 39 galletas de chocolate. Comeu 27. Cantas galletas lle quedan?



Resposta: _____


4.- Paula ten 21 revistas, Cris ten 13 e Rosa ten 20. Cantas revistas teñen entre as tres?

Resposta: _____

Nome: _____




1.- O martes gañei 64 puntos e o mércores gañei 22. Cantos puntos gañei entre os dous días?





Resposta: _____

2.- Tes 4 bocadillos de chourizo e hoxe comiches 1. De que son os bocadillos?




Resposta: _____

3.- Tes 2 vacas na corte e cada unha dá 14 litros de leite. Cantos litros de leite tes en total?




Resposta: _____

4.- Carlos ten 9 anos e Amparo ten 2. Cantos anos é maior Carlos que Amparo?




Resposta: _____

Nome: _____




1.- Seis nenas teñen media laranxa cada unha. Cantas laranxas teñen entre as seis?




Resposta: _____

2.- Alberte le 12 libros cada mes. Cantos libros lerá en tres meses?




Resposta: _____

3.- Tiña nove pratos. Rompín 6. Cantos pratos me quedan?



Resposta: _____

4.- Teño 16 gomas no estoxo e outras 10 na mochila. Cantas gomas teño en total?




Resposta: _____

Nome: _____




1.- Sobre a mesa hai 6 rotuladores. Colles a metade. Cantos rotuladores colliches?




Resposta: _____

2.- Carla ten 24 libros, Antía 12 e Abril 41. Cantos libros teñen entre as tres?





Resposta: _____

3.- Teño 4 libretas. Cantas me faltan para ter 6?




Resposta: _____

4.- Cantas caixas son 3 veces 5 caixas?




Resposta: _____

Nome: _____




1.- Ariadna pescou 7 peixes o sábado e 5 o domingo. Cantos pescou entre os dous días?





Resposta: _____

2.- Tes 78 lapis e perdes 43. Cantos lapis che quedarán?




Resposta: _____

3.- Quero ter 9 canicas, pero só teño dúas. Que forma teñen as canicas?



Resposta: _____

4.- Martina fixo 7 problemas na clase. Catro estaban ben. Cantos problemas estaban mal?



Resposta: _____

Nome: _____



1.- Carla e Antón déronme 5 libros cada un. Cantos libros teño agora?

Resposta: _____

2.- Seis amigas regaláronme media mazá cada unha. Cantas mazás me regalaron en total?

Resposta: _____

3.- Se tes 34 adhesivos e perdes 30, cantos adhesivos che quedan?


Resposta: _____

4.- Se cada día fago 12 debuxos, cantos debuxos farei en 2 días?




Resposta: _____

Nome: _____




1.- Se tes 34 améndoas e comes 23, cantas améndoas che quedan?




Resposta: _____

2.- Candela ten 25 rotuladores de cor vermella e 62 de cor azul. Cantos rotuladores ten en total?




Resposta: _____

3.- Sonia mercou 56 bolígrafos e gastou 24. Cantos bolígrafos lle quedan a Sonia?



Resposta: _____

4.- Víctor tiña 4 galletas nunha caixa de lata. Comeu 3. De que material era a caixa das galletas?




Resposta: _____

Nome: _____




1.- Quero ter 10 bólas. Agora só teño 4. Cantas bólas preciso?




Resposta: _____

2.- O mércores gañei 7 euros e o venres perdín 2. Cantos euros teño agora?





Resposta: _____

3.- Teño 5 nozes secas na casa e outras 4 nozes no coche. Como están as nozes da casa?




Resposta: _____

4.- María e Xulia déronme cinco caramelos cada unha, cantos caramelos teño agora?




Resposta: _____

Nome: _____




1.- Se de 34 cromos perdes 24, cantos cromos che quedan?




Resposta: _____

2.- O equipo de 1º fixo 12 goles e o de 2º fixo 10. Por cantos goles gañou o equipo de 1º?




Resposta: _____

3.- Teño 8 lapis de cor azul e 7 de cor laranxa. De que material están feitos os lapis de madeira?



Resposta: _____

4.- Pedriño fixo 56 problemas na clase. 43 están mal feitos. Cantos problemas están ben feitos?




Resposta: _____

Nome: _____




1.- Teño tres tortas de millo e repártoas entre tres amigos. Canto lle toca a cada un?




Resposta: _____

2.- Cantas peras son 3 veces 5 peras?




Resposta: _____

3.- Ricardo ten unha cinta de 48 metros. Cortou 12. Cantos metros de cinta lle quedan?



Resposta: _____

4.- Se de oito chupas comes tres, cantos chupas che quedan?




Resposta: _____

Nome: _____




1.- O meu mono ten 34 plátanos e come 23. Cantos plátanos lle quedan?





Resposta: _____

2.- Cantos barcos son 3 veces 3 barcos?




Resposta: _____

3.- Carlos ten 56 papaventos e Maruxa ten 21. Cantos papaventos teñen entre os dous?




Resposta: _____

4.- Martiño Ferreiro comeu 21 castañas pola mañá e 20 pola tarde. Como se apelida o neno?




Resposta: _____

Nome: _____



1.- Teño 78 amorodos e como 26 na cea. Cantos amorodos me quedan?



2.- Teño 6 donuts e a miña irmá regálame 4. Que forma teñen os donuts?

Resposta: _____

Resposta: _____

3.- Teño 25 euros. O meu avó regaloume 12. Cantos euros teño agora?

4.- Cantos ollos teñen en total 3 vacas marelas?

Resposta: _____

Resposta: _____

Nome: _____



1.- Se tes dez euros e mercas unha libreta de catro, cantos euros che quedan?

Resposta: _____


2.- Teño 12 rotuladores verdes e outros 5 vermellos. De que cores son os meus rotuladores?

Resposta: _____

3.- Teño 30 salchichas e merco 12 máis na tenda. Cantas salchichas teño na actualidade?


Resposta: _____

4.- Un barco pesca 12 polbos pola mañá e outros tantos pola tarde. Cantos polbos pescou en total?




Resposta: _____

Nome: _____



1.- Se un polbo ten oito raxos, cantos raxos teñen dous polbos?



Resposta: _____

2.- Ana fixo 15 pasteis de nata e outros 15 de chocolate. Cantos pasteis fixo en total?

Resposta: _____

3.- Teño 28 cadernos, se perdo 10, cantos cadernos me quedan?

Resposta: _____


4.- Teño 6 moedas de euro nunha caixa e 4 noutra. De que forma son as moedas de euro?

Resposta: _____

Nome: _____




1.- Carlos ten 7 estoxos e Rebeca outros tantos. Cantos estoxos teñen entre os dous?




Resposta: _____

2.- O luns gañei 5 cromos e o martes 4. Que día vén despois do domingo?




Resposta: _____

3.- Cantos plátanos son dúas veces tres plátanos?



Resposta: _____

4.- Miguel fai 4 viaxes cada mes. Cantos viaxes fará en 3 meses?





Resposta: _____

Nome: _____




1.- Teño 45 pelotas. Cantos me faltan para ter 49?




Resposta: _____

2.- Cantas son 16 xirafas e 16 xirafas?




Resposta: _____

3.- Ricardo ten unha cinta de 17 metros de longa. Corta 4. Cantos metros lle quedan?




Resposta: _____

4.- Cantas patas teñen dous cabalos?





Resposta: _____

Nome: _____




1.- Cantas patas teñen tres patos que están na lagoa de Louro?




Resposta: _____

2.- Teño 20 euros. Cantos me faltan para ter 26?




Resposta: _____

3.- Se repartimos unha mazá entre dous amigos, canto lle corresponde a cada un?



Resposta: _____

4.- Samuel ten 34 adhesivos. Se reparte 22, cantos adhesivos lle quedan?




Resposta: _____

Nome: _____




1.- Dúas amigas, Carme e Rosi, teñen 3 caramelos cada unha. Como se chaman as amigas?




Resposta: _____

2.- Se teño 12 bolígrafos, cantos me faltan para ter 19?




Resposta: _____

3.- Federico ten 23 sombreiros, Carlos 15 e Sofía 12. Cantos sombreiros teñen entre os tres?




Resposta: _____

4.- Pola mañá mercaches 26 galletas e pola noite 39. Cantas mercaches ao longo do día?




Resposta: _____

Nome: _____




1.- Cantas orellas teñen 3 cans?




Resposta: _____

2.- Fixen 48 flans e a miña irmá fixo 9. Cantos flans fixemos entre os dous?





Resposta: _____

3.- Teño vinte e sete piruletas de amorodo e oito de laranxa. Cantas piruletas teño en total?



Resposta: _____

4.- Nun barco van 29 pasaxeiros e noutro 56. Cantos pasaxeiros van nos dous barcos?



Resposta: _____

Nome: _____



1.- Se cada día comes 4 sardiñas, cantas sardiñas comerás en tres días?

Resposta: _____


2.- Antón ten quince xeados de menta e trinta e un de limón. De que sabores son os xeados?

Resposta: _____

3.- Se ao número corenta e seis lle engadimos 8, cal será o total?

Resposta: _____

4.- Denis ten vinte e nove fotos e Amaia ten outras tantas. Cantas fotos teñen entre os dous?




Resposta: _____

Nome: _____




1.- O señor Ramón ten dezanove melóns e vende cinco. Cantos melóns lle quedan?





Resposta: _____

2.- Na corte dos meus avós hai unha vaca e un asno. Cantas patas ten o asno?




Resposta: _____

3.- Margarida ten 12 cans e Alba ten o dobre. Cantos cans ten Alba?



Resposta: _____

4.- Faustino, o da tenda, ten 67 leitugas. Vende 12. Cantas leitugas lle quedan na tenda?




Resposta: _____

Nome: _____




1.- Se tes oito euros e mercas un caramelo que custa dous, cantos euros che quedan?




Resposta: _____

2.- Miña nai ten 25 olivas. Dáme a min dúas. Cantas olivas lle quedan a miña nai?




Resposta: _____

3.- Xan fai tres excursións cada mes. Onde queres ir ti de excursión?



Resposta: _____


4.- Lois ten nove anos e Andrea seis. Cantos anos se levan?





Resposta: _____



Nome: _____




1.- Mendo ten 37 cuncas. Rompeu 5. Cantas cuncas lle quedan a Mendo sen romper?




Resposta: _____

2.- Manuel fai cada día catro viaxes á escola. Cantas viaxes fará Manuel en 3 días?




Resposta: _____

3.- Belén le 4 libros cada día. De que material están feitos os catro libros que le Belén cada día?



Resposta: _____

4.- Dúas rapazas teñen 38 tartas cada unha. Cantas tartas teñen entre as dúas?




Resposta: _____

Nome: _____




1.- Nunha caixa teño 45 caramelos, noutra 34 e noutra 7. Cantos caramelos teño en total?





Resposta: _____

2.- Teño 23 gomas e un amigo regálame 5 máis. Para que serve unha goma de borrar?




Resposta: _____

3.- No porto de Caión hai 56 barcos vellos e 38 novos. Cantos barcos hai en total?



Resposta: _____

4.- Lorena tiña 26 moletes. Comeu 14 nas festas de Elviña. Cantos moletes lle quedan?




Resposta: _____

Nome: _____




1.- Se de 23 follas perdes 20, cantas follas che quedarán?





Resposta: _____

2.- Raquel ten 34 caramelos, Paz 12 e Pili 18. Cantos caramelos teñen entre todas?




Resposta: _____

3.- Serxio ten 8 zapatos e Lucía 4. En que parte do corpo se poñen os zapatos?



Resposta: _____

4.- O meu abrigo ten 3 petos e en cada peto teño 6 lapis. Cantos lapis teño en total?




Resposta: _____

Nome: _____




1.- Maryem come 15 chocolatinas e Montse 10. Cantas chocolatinas come máis Maryem?





Resposta: _____

2.- Xan pescou 12 troitas no río Eume e 10 no Mandeo. Que líquido vai polo río abaixo?




Resposta: _____

3.- Xan pescou 30 peixes o luns, 21 o martes e 25 o mércores. Cantos pescou nos 3 días?




Resposta: _____

4.- Teño cinco noces. Cantas preciso para ter 10 noces?




Resposta: _____

Nome: _____




1.- Teño 34 camisetas. Estraguei 12 no campo de fútbol. Cantas camisetas teño agora?




Resposta: _____

2.- Se teño 8 panos, cantos me faltan para ter unha decena?





Resposta: _____

3.- Cantas decenas de rotuladores hai en 60 rotuladores?



Resposta: _____

4.- Estiven enfermo. A avoa tróuxome 10 xoguetes e o meu tío 15. Cantos xoguetes me trouxeron en total?




Resposta: _____

Nome: _____




1.- Cantos cornos teñen tres vacas que están nun prado?




Resposta: _____

2.- Nunha rúa hai 48 farolas. Fundíronse 26. Cantas farolas quedan funcionando?





Resposta: _____

3.- O meu pai ten 12 rotulas, a miña irmá 4 e eu 56. Cantos rotuladores temos entre os tres?



Resposta: _____

4.- O gato Michiño come 16 sardiñas diarias. Cantas sardiñas come entre o luns e o martes?




Resposta: _____

Nome: _____




1.- Nun campo hai 45 cabalos e noutro hai 23. Cantas orellas teñen tres cabalos?




Resposta: _____

2.- Se un sobre custa 4 euros, cantos euros custan 3 sobres?





Resposta: _____

3.- Nun avión van 46 persoas e noutro van 27. Cantas persoas van nos dous avións?



Resposta: _____

4.- Mercamos 18 peras pero tiramos 12 que estaban podres. Cantas peras nos quedan?



Resposta: _____

Nome: _____



1.- Cada semana ten 7 días.
Cantos días hai en 3 semanas?

Resposta: _____


2.- Nunha clase hai 22 rapaces e rapazas. Cada un ten un afía.
Cantos afías hai en total?

Resposta: _____

3.- Gasto 4 libretas ao mes. Can-
tas libretas gastarei en 2 meses?

Resposta: _____

4.- Un can comeu o xoves 27 fi-
letes e o venres 37. Cantos file-
tes comeu entre os dous días?



Resposta: _____

FACENDO PROBLEMAS, 1



MELLORA DAS COMPETENCIAS CLAVE. PROBLEMAS 1